



**ACTA NÚM. 10/2020.**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2020.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 16 de decembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:  
PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

- . PSG-PSOE:  
CARLOS NOYA PEREIRA.  
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.  
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.  
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.  
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.  
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

- . PP:  
MARÍA FARIÑA BELLÓN.  
NATALIA FARIÑA GARCÍA.  
WALDO CARBALLO GARCÍA.

- . BNG:  
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:  
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.  
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 11.11.2020.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 16.10.2020 AO 11.12.2020.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O IV PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE BRIÓN.



5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DO PXOM.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DO INTERIOR, A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL DE INSTITUCIÓNS PENITENCIARIAS, E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O CUMPRIMENTO DE PENAS DE TRABALLO EN BENEFICIO DA COMUNIDADE.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 03/2020.

8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2020.

9º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2020.

10º) MOCIÓNS.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

---

#### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 11.11.2020.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 9/2020, do 11.11.2020.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

#### **2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 16.10.2020 AO 11.12.2020.**

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
000520/2020	16/10/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/51.
000521/2020	16/10/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/52 (+3.000€).
000522/2020	19/10/2020	DECRETO DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL.
000523/2020	19/10/2020	DECRETO DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (CLUBE DE BALONCESTO DE BRIÓN).
000524/2020	19/10/2020	DECRETO APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CULTURA NO CAMIÑO + 2020.
000525/2020	19/10/2020	BAIXA NO PADRÓN DO LIXO DO RECIBO CON NÚMERO FIXO 253000463477.
000526/2020	19/10/2020	BAIXA NO PADRÓN DO LIXO DO RECIBO CON NÚMERO FIXO 253000462562.
000527/2020	20/10/2020	DECRETO DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (CLUBE DE PATINAXE ARTÍSTICA DE BRIÓN).
000528/2020	20/10/2020	DECRETO DE VEHÍCULO ABANDONADO NA RÚA TARRIO 17, BRIÓN (AUDI A-3).



000529/2020	20/10/2020	DECRETO DE VEHÍCULO ABANDONADO NA AVDA. DE NOIA 58, OS ÁNXELES (CITRÖEN BERLINGO).
000530/2020	20/10/2020	DECRETO LIQUIDACIÖNS LIXO.
000531/2020	21/10/2020	DECRETO DEVOLUCIÖN DE INGRESOS INDEBIDOS.
000532/2020	21/10/2020	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000776447.
000533/2020	21/10/2020	DECRETO LIQUIDACIÖNS RECIBOS DE LIXO.
000534/2020	26/10/2020	BAIXA DUN RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000761055.
000535/2020	26/10/2020	DECRETO DE CONVOCATORIA DA SESIÖN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27/10/2020.
000536/2020	27/10/2020	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000597935.
000537/2020	27/10/2020	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. OUTUBRO 2020.
000538/2020	27/10/2020	BAIXA DO RECIBO DO LIXO 253000518581.
000539/2020	27/10/2020	APROBACIÖN DO EXPEDIENTE DE NÖMINA. OUTUBRO DE 2020.
000540/2020	28/10/2020	DECRETO DE APROBACIÖN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO GES. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL. PREVENCIÖN DE INCENDIOS. ANUALIDADE 2020.
000541/2020	29/10/2020	EXPEDIENTE MC Nº 14/2020. XERACIÖN DE CRÉDITO PEL REACTIVA 2020.
000542/2020	29/10/2020	MC Nº 15/2020. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ACHEGA MUNICIPAL PEL-REACTIVA
000543/2020	29/10/2020	CONVOCATORIA SUBVENCIÖN PEL-REACTIVA
000544/2020	29/10/2020	RECTIFICACIÖN DO EXPEDIENTE DE NÖMINA REFERIDO AO MES DE OUTUBRO 2020.
000545/2020	30/10/2020	ALTAS PADRÖN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO DE 2020.
000546/2020	30/10/2020	BAIXAS PADRÖN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO DE 2020.
000547/2020	30/10/2020	RELACIÖN DE FACTURAS F/2020/55.
000548/2020	30/10/2020	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - OUTUBRO 2020.
000549/2020	30/10/2020	MODIFICACIÖN REPRESENTANTES NO GDR 19 ASOCIACIÖN TERRAS DE COMPOSTELA.
000550/2020	02/11/2020	ALTA XANTAR NA CASA EXPTE. 37.
000551/2020	02/11/2020	APROBACIÖN DAS AUTOLIQUIDACIÖNS TRIBUTARIAS REFERIDAS AO MES DE OUTUBRO MODELOS IRPF 111 E IVE 303.
000552/2020	02/11/2020	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 03/11/2020, AS 14.00 H.
000553/2020	03/11/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÖN DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE CADEIRAS PARA O SALÖN DE ACTOS DO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
000554/2020	03/11/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÖN DO CONTRATO MENOR PARA A IMPRESIÖN DE LIBROS DE BRIÖN.
000555/2020	04/11/2020	DECRETO RECIBOS DE LIXO.
000556/2020	04/11/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÖN DO CONTRATO MENOR PARA A INSTALACIÖN DE SALVAESCALEIRAS NA BIBLIOTECA MUNICIPAL.
000557/2020	05/11/2020	M.C. Nº 16/2020: T.C. ENTRE APLICACIÖNS DA MESMA ÁREA DE GASTO OU QUE AFECTAN A CRÉDITOS DE PERSOAL.



000558/2020	05/11/2020	DECRETO LIQUIDACIÓNS GES.
000559/2020	05/11/2020	DECRETO TAXAS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NOVEMBRO.
000560/2020	05/11/2020	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS PARA O DÍA 10.11.2020.
000561/2020	05/11/2020	CONVOCATORIA PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2021.
000562/2020	05/11/2020	EXpte. 3518/9703.- TRASLADO POR COMPETENCIA AO CONCELLO DE BRIÓN, SOLICITUDE DE BAIXA RECIBOS LIXO DE "XERFA ALOXAMENTOS, S.L." RECURSO DE REPOSICIÓN.
000563/2020	06/11/2020	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 2 DA OBRA DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS, DO POS + ADICIONAL 1/2019.
000564/2020	06/11/2020	CONVOCATORIA PLENO PARA O DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2020.
000565/2020	06/11/2020	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000587604.
000566/2020	06/11/2020	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000565911.
000567/2020	06/11/2020	DECRETO CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO BASTAVALES UD.
000568/2020	06/11/2020	DECRETO DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA S.D. BRIÓN.
000569/2020	06/11/2020	AUTORIZACIÓN PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ BAR DO CENTRO SOCIAL EN PRECARIO ATA MARZO DE 2021 E SUSPENSIÓN DO CANON.
000570/2020	06/11/2020	DECRETO DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO CLUB DE ATLETISMO DE BRIÓN.
000571/2020	06/11/2020	DECRETO DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DA ASOCIACIÓN DE MULLERES XUNTANZA.
000572/2020	09/11/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2020.
000573/2020	09/11/2020	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000747344.
000574/2020	09/11/2020	DECRETO DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XGL DO 10.11.2020.
000575/2020	09/11/2020	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. ÚNICA DA OBRA DO POS + ADICIONAL 1/2019 DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DAS ALDEAS DE MATO E BUSTO DE FRADES E DE CAMIÑOS EN VILAR E ONS E DA FACTURA DO CONTRATO DOS MATERIAIS.
000576/2020	11/11/2020	RESOLUCIÓN DE INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000577/2020	11/11/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/56 ENERXIA ELÉCTRICA.
000578/2020	11/11/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZAS E AVAIS.
000579/2020	11/11/2020	DECRETO LIQUIDACIÓNS SERVIZO AXUDA NO FOGAR OUTUBRO.
000580/2020	11/11/2020	DECRETO LIQUIDACIÓNS SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA OUTUBRO.
000581/2020	11/11/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/57.
000582/2020	12/11/2020	DECRETO ASISTENCIAS A SESIÓNS DE CONCELLEIROS/AS.
000583/2020	12/11/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/58 (+3.000).
000584/2020	12/11/2020	ALTA SAF MUNICIPAL EXpte. 26/2020-M.
000585/2020	12/11/2020	CONTRATO DOCENCIA CURSO MONITORAXE ACTIVIDADES TEMPO LIBRE.



000586/2020	12/11/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/54.
000587/2020	12/11/2020	DECLARACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA AO PERSOAL MUNICIPAL.
000588/2020	13/11/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/59.
000589/2020	16/11/2020	DECRETO LIQUIDACIÓNS DE LIXO.
000590/2020	16/11/2020	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA - OUTUBRO E NOVEMBRO 2020.
000591/2020	16/11/2020	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 17.11.2020, ÁS 14.00 HORAS.
000592/2020	16/11/2020	ACHEGA COTAS PLAN TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA 2019-2020.
000593/2020	17/11/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES (GASÓLEO A, GASOLINA 95 SEN POLOMO, GASÓLEO C, E PELLETES DE MADEIRA) EN CATRO LOTES.
000594/2020	17/11/2020	MODIFICANDO HORA CELEBRACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
000595/2020	17/11/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CLUB DE PATINAXE ARTÍSTICA DE BRIÓN.
000596/2020	18/11/2020	BAIXA DE OFICIO DE VARIAS PERSOAS NO PADRÓN DE HABITANTES.
000597/2020	18/11/2020	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE TÉCNICA DE EDUCACIÓN INFANTIL POR SUBSTITUCIÓN DE PERSOA EN EXCEDENCIA.
000598/2020	18/11/2020	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DO 21.10.2020 DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO NÚM. 68.
000599/2020	18/11/2020	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DO 21.10.2020 DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 13/2020.
000600/2020	18/11/2020	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DO 21.10.2020 DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS 2020.
000601/2020	18/11/2020	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS ÚNICA DA OBRA DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL E HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTO E DIRECCIÓN.
000602/2020	18/11/2020	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2020: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE BRIÓN.
000603/2020	18/11/2020	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 13/2020-D.
000604/2020	19/11/2020	BAIXA SAF EXPEDIENTES EXTRA_01.
000605/2020	19/11/2020	BAIXA SAF EXPEDIENTES EXTRA_06.
000606/2020	19/11/2020	APROBACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CONSERXERÍA DO CEIP DE PEDROUZOS.
000607/2020	19/11/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE DESEÑO, IMPLEMENTACIÓN, POSTA EN MARCHA, MANTEMENTO E HOSTING DA PÁXINA WEB MUNICIPAL DO CONCELLO DE BRIÓN.
000608/2020	19/11/2020	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. NOVEMBRO 2020.
000609/2020	19/11/2020	M.C. Nº 17/2020: T.C. PARA GASTO COTA ANO 2020 ASOC. DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA.
000610/2020	23/11/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 27/2020-D.
000611/2020	23/11/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/62 CONTRATO.



000612/2020	23/11/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO GES. GTOS FUNCIONAMENTO. DX ADMON. LOCAL. ANO 2020.
000613/2020	23/11/2020	MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 18/2020: TC ENTRE APLICACIÓNS MESMA ÁREA DE GASTO OU QUE AFECTAN A CRÉDITOS DE PERSOAL.
000614/2020	23/11/2020	DECRETO DE CONVOCATORIA ORDINARIA DA XGL DO 24/11/2020, ÁS 14.00 H.
000615/2020	23/11/2020	M.C. Nº 19/2020: XERACIÓN DE CRÉDITO SUBV. MELLORA COLEC. BIBLIOGRÁFICAS (CONV. EXTRAORD 2020)
000616/2020	23/11/2020	CORRECCIÓN DE ERROS DO DECRETO DE CONVOCATORIA ORDINARIA DA XGL DO 24.11.2020 (DECRETO NÚM. 614/2020).
000617/2020	24/11/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A OBRA DE ILLAMENTO ACÚSTICO DA AULA DA ESCOLA DE MÚSICA.
000618/2020	24/11/2020	DECRETO DE RECTIFICACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO GES. GTOS FUNCIONAMENTO. DX ADMON. LOCAL. ANO 2020.
000619/2020	24/11/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES)
000620/2020	24/11/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO IES DE BRIÓN.
000621/2020	24/11/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO CLUB DEPORTIVO TORRES DE ALTAMIRA.
000622/2020	25/11/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/63
000623/2020	26/11/2020	RESOLUCIÓN DE INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000624/2020	26/11/2020	DECRETO LIQUIDACIÓNS DE LIXO.
000625/2020	26/11/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
000626/2020	26/11/2020	MC Nº 20/2020: XC RISGA 2020-2021
000627/2020	26/11/2020	RECTIFICACIÓN M.C. Nº 18/2020 POR ERRO ADVERTIDO.
000628/2020	27/11/2020	DECRETO DE SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DE AEDL 2020.
000629/2020	27/11/2020	APROBACIÓN DE PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS.
000630/2020	27/11/2020	DECRETO DE CONTRATACION DE PERSOAL (PEÓN GES). ACUMULACIÓN DE TAREFAS.
000631/2020	27/11/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA SUBMINISTRO DE XOGOS PARA PARQUES INFANTÍS.
000632/2020	27/11/2020	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DUNHA APLICACIÓN INFORMÁTICA PARA XESTIONAR INCIDENCIAS MUNICIPAIS.
000633/2020	27/11/2020	DECRETO ASISTENCIAS AO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES)
000634/2020	27/11/2020	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. NOVIEMBRE 2020.
000635/2020	30/11/2020	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVIEMBRE DE 2020.
000636/2020	30/11/2020	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVIEMBRE DE 2020.
000637/2020	30/11/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO GES. CONSELLERÍA MEDIO RURAL. GTOS PERSOAL. ANO 2020.
000638/2020	30/11/2020	DECRETO DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XGL DO 01.12.2020.



000639/2020	30/11/2020	MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA.
000640/2020	01/12/2020	COTA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA - ANO 2020.
000641/2020	01/12/2020	AMPLIACIÓN INTERINIDADE ARQUITECTA ATA REINCORPORACIÓN EFECTIVA DO TITULAR.
000642/2020	01/12/2020	COTA EXTRAORDINARIA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB EXTRA/1.20
000643/2020	01/12/2020	RESOLUCIÓN DE INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000644/2020	02/12/2020	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE. Nº 17/2020-M.
000645/2020	02/12/2020	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO CEIP DE PEDROUZOS.
000646/2020	02/12/2020	PAGAMENTO 2ª ANUALIDADE BEN INMOBLE PARA CONSTRUCCIÓN DE AUDITORIO MUNICIPAL
000647/2020	02/12/2020	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. ÚNICA CORRIXIDA DA OBRA DE MANTEMENTO E MELLORA DAS ALDEAS DE MATO E BUSTO DE FRADES E DE CAMIÑOS EN VILAR E ONS, INCLUÍDA NO POS + ADICIONAL 1 /2019.
000648/2020	03/12/2020	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS REFERIDAS AO MES DE NOVEMBRO MODELOS IRPF 111 E IVE 303
000649/2020	03/12/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO TARXETAS NADAL 2020.
000650/2020	03/12/2020	APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO CORRIXIDO DE DATA 30.11.2020 DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS.
000651/2020	04/12/2020	DIETAS E LOCOMOCIÓNS PERSOAL - ANO 2020.
000652/2020	04/12/2020	RESOLUCIÓN SANCIONADORA DE TRÁFICO.
000653/2020	04/12/2020	RESOLUCIÓN SANCIONADORA DE TRÁFICO.
000654/2020	10/12/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 28/2020-D E 29/2020-D.
000655/2020	10/12/2020	COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS DÍA 15.12.2020 ÁS 13,00 HORAS.
000656/2020	10/12/2020	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS DO 15/12/2020, ÁS 13.15 H.
000657/2020	10/12/2020	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENO 21.10.2020 DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN O.F. TAXA AUGA.
000658/2020	10/12/2020	RECTIFICACIÓN EXPEDIENTE NÓMINA MES DE NOVEMBRO.
000659/2020	10/12/2020	LIQUIDACIÓN TAXAS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DECEMBRO.
000660/2020	10/12/2020	MC Nº 22/2020: TC ENTRE APLICACIÓNS MESMA ÁREA DE GASTO OU QUE AFECTAN A CRÉDITOS DE PERSOAL (PARA SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS)
000661/2020	11/12/2020	DECRETO LIQUIDACIÓNS AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA NOVEMBRO.
000662/2020	11/12/2020	DECRETO LIQUIDACIÓNS AXUDA NO FOGAR BÁSICA NOVEMBRO.
000663/2020	11/12/2020	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DO 16.12.2020, ÁS 13,00 HORAS.



O Pleno queda enterado.

**3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19.**

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 15.12.2020, que transcrita di:

Como consecuencia das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o Covid-19, resulta que segundo informe do Consello Consultivo de Galicia (informe 263/2020, do 14 de outubro) solicitado pola Xunta de Galicia para clarificar as competencias sancionadoras das distintas administracións, os concellos teñen a potestade sancionadora nas infraccións cometidas nas materias da súa competencia que se especifican.

Resultando que a Xunta de Galicia e a Fegamp con data 27.11.2020 asinaron o convenio de seguido transcrito, que foi remitido por mail pola Fegamp ao Concello ese mesmo día.

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020.

**REUNIDOS**

Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 29 de novembro de 2019.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

**EXPOÑEN**

Primeiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de colaboración e cooperación técnica e administrativa, podendo levar a cabo mediante a asistencia técnica e a subscripción de convenios.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de



coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza conforme ao disposto no Decreto 130/2020, do 17 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia en relación co establecido no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

Cuarto.- O 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional.

Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta a todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia.

Neste sentido, o 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia, aprobou o acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, coa conseguinte asunción da dirección do Plan e de todas as actividades de emerxencia polo titular da presidencia da Xunta de Galicia, de acordo co previsto neste.

Polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dentro das medidas previstas para facer fronte á situación ocasionada pola extensión do COVID-19. A declaración afectou a todo o territorio nacional por un período inicial de quince días naturais que foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados. Tras o período inicial de quince días naturais e o correspondente á primeira e á segunda prórroga do estado de alarma, iniciouse, durante a terceira prórroga, un proceso de redución progresiva das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade, do contacto social e do exercicio de actividades establecidas na versión inicial do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, en especial con motivo da aprobación, polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril, do Plan para a transición cara unha nova normalidade. No dito plan se contemplaba un proceso gradual de volta á normalidade dividido en catro fases: unha fase cero ou preliminar e tres fases de desescalada, diferenciadas en función das actividades permitidas en cada unha delas, polas que poderían transitar os diferentes territorios en función de diversos criterios e indicadores ata chegar á denominada "nova normalidade", na que se poría fin ás medidas de contención, pero se mantería a vixilancia epidemiolóxica, a capacidade reforzada do sistema sanitario, e as medidas de protección persoal da cidadanía.

Quinto.- O artigo 55 da Lei 33/2011, de 4 de outubro xeral de saúde pública dispón que as persoas físicas e xurídicas responsables das accións ou omisións que constitúan infracción en saúde pública serán sancionadas de acordo co disposto neste título". Nese título, o VI, faise unha tipificación propia das infraccións en saúde pública e das correspondentes sancións (artigos 57.2 e 58.1) e finalízase, no artigo 61.1, coa previsión de que "A incoación, tramitación e resolución dos expedientes sancionadores corresponderá á Administración competente por razón do territorio e a materia". Segundo indicou o Consello Consultivo de Galicia no seu informe CCG 263/2020, do 14 de outubro, corresponderá aos concellos cando os incumprimentos que constitúan infracción administrativa en saúde pública se poñan de manifesto no ámbito, ao que alcanza a súa competencia, do control sanitario de industrias,

actividades, servizos e transportes e de control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.

Pola súa banda o Real Decreto Lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no parágrafo segundo do seu artigo 31.1 dispón que " a instrución e resolución dos procedementos sancionadores que procedan, corresponderá aos órganos competentes do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais no ámbito das súas respectivas competencias".

Seguindo así mesmo ao Consello Consultivo de Galicia, se os incumprimentos das medidas de prevención e hixiene recollidas no Capítulo II do Real Decreto Lei 21/2020, do 9 de xuño, son subsumibles nalgún dos supostos-tipo de infracción definidos legalmente como infraccións administrativas en saúde pública, e se eses incumprimentos se poñen de manifesto no ámbito ao que alcanza a competencia dos concellos, que inclúe en relación ao obrigado cumprimento das normas sanitarias, o control sanitario de industrias, actividades, servizos e transporte, e o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, entón corresponderá a eses concellos " a instrución e resolución dos procedementos sancionadores que procedan". Adicionalmente, o artigo 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade atribúe aos concellos certas competencias en materia de sanidade en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios e, particularmente, no control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes, ao igual que no control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.

No mesmo sentido, o artigo 80.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia atribúe aos concellos, entre outras competencias, o control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes que impacten na saúde da súa cidadanía e o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente dos centros de alimentación, salóns de peiteado, saunas e centros de hixiene persoal, hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade física, deportiva e de recreo.

En consecuencia, por virtude do previsto no artigo 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, e do artigo 80.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, os concellos teñen a obriga de exercer tales controis en relación ao obrigado cumprimento das medidas de prevención aprobadas pola Administración autonómica galega para a loita contra o COVID- 19.

Sexto.- O artigo 11 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público regula a encomenda de xestión permitindo que a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos pode ser encomendada a outros órganos da mesma ou distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

O tempo transcorrido ata a confirmación polo Consello Consultivo de Galicia (informe 263/2020, do 14 de outubro) das competencias dos concellos na tramitación de determinados procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, ten xerado a existencia dunha bolsa de denuncias sen tramitar, producindo ademais unha sensación de impunidade nos incumpridores e, ao tempo, a frustración dos responsables do control do cumprimento da normativa. A este retraso se unen as dificultades propias dos concellos de réxime común da Comunidade Autónoma para a tramitación destes expedientes sancionadores pola carencia de medios técnicos idóneos suficientes.

De conformidade co exposto, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para instrumentar a encomenda de xestión, polos distintos concellos galegos, na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos-tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos

**CLÁUSULAS.**

**CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS.**



#### Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a encomenda de xestión polos distintos concellos galegos incluídos no ámbito subxectivo de aplicación á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de presidencia, Xustiza e Turismo, para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación, dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos-tipo de infracción en materia de saúde pública no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

As condicións de funcionamento polas que se rexerá a presente encomenda de xestión serán as recollidas no Anexo I, e no capítulo II do presente documento.

#### Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo.

O presente convenio é de aplicación para a Administración da comunidade autónoma de Galicia e para todos os concellos de réxime común da comunidade autónoma galega que se adhiran ao mesmo.

#### Terceira. Adhesión ao convenio.

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral dentro do cal os concellos de Galicia incluídos no ámbito subxectivo de aplicación poderán asinar a súa adhesión mediante o modelo que figura como Anexo II, coa finalidade de encomendar á Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación, nos termos recollidos no anexo I, dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos-tipo de infracción en materia de saúde pública no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

#### Cuarta.- Modificación do convenio.

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), e formalizarse mediante a subscripción da correspondente addenda ao mesmo.

No caso de que algún dos concellos adheridos non estivera de acordo coa modificación efectuada poderá denunciar o convenio de acordo co previsto na cláusula sexta.

#### Quinta. Duración do convenio.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura (coa obriga da publicación do mesmo nun boletín oficial -artigo 11.3.b) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-) ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego. Agora ben, a Comisión de Seguimento da execución do convenio valorará a procedencia de finalizar o convenio antes desa data se a encomenda de xestión deixa de ser necesaria atendendo as circunstancias sanitarias concorrentes e as necesidades dos concellos adheridos ao convenio. Nese caso as partes poderán resolver o convenio de acordo co previsto na cláusula seguinte.

Tanto no caso de extinción do convenio polo levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego como no caso da súa resolución pola desaparición da necesidade da encomenda de xestión, o convenio estenderá a súa vixencia ata o remate dos procedementos sancionadores xa iniciados baixo a vixencia deste convenio, salvo que os concellos adheridos renuncien a esta posibilidade.

O anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

#### Sexta. Resolución do convenio.

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, por desaparecer a necesidade da encomenda de xestión de acordo co previsto na cláusula quinta, polo incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.



Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

## CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DAS PARTES.

Sétima.- Obrigas da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia comprométese a prestar aos concellos que se adhiran ao presente convenio a asistencia técnica e material precisa para a tramitación dos procedementos sancionadores polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos-tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos, de acordo co previsto no Anexo I.

A encomenda comprenderá todos os expedientes sancionadores por feitos producidos despois do estado de alarma no mes de xuño do ano 2020, tanto se xa estiveran iniciados como se non.

Oitava.- Obrigas e dereitos dos concellos.

Os concellos que se adhiran ao presente convenio se comprometen a iniciar, instruír e resolver os procedementos sancionadores polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos-tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos, debendo remitir a Xunta de Galicia a información precisa para que esta poda executar a encomenda de xestión recollida neste convenio, nos termos previstos no anexo I.

Cada concello ingresará nunha conta propia as cantidades recadadas como consecuencia de cada procedemento sancionador, debendo compensar á Xunta de Galicia nunha cantidade equivalente aos custos en que efectivamente tivese incorrido como consecuencia das obrigas asumidas. Esta compensación farase efectiva no prazo de tres meses a contar dende o momento en que a Xunta de Galicia certifique os custos en que efectivamente tivese incorrido.

Novena.- Obrigas da FEGAMP.

Coordinarse coa Xunta de Galicia e con todos os concellos de Galicia incluídos no ámbito subxectivo do convenio para difundir a información relativa ao presente convenio de colaboración.

## CAPÍTULO TERCEIRO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO.

Décima. Seguimento da execución do convenio.

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, un dos cales actuará como presidente, e outros dous en representación da Fegamp.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.
- A valoración da procedencia de finalizar o convenio antes da data prevista por deixar de ser necesaria a encomenda de xestión, atendendo as circunstancias sanitarias concorrentes e as necesidades dos concellos adheridos ao convenio.

## CAPÍTULO CUARTO. FINANCIAMENTO.

Décimo primeira. Financiamento.

A Xunta de Galicia realizará con medios propios, a través dos equipos de traballo previstos no anexo I, as actuacións previstas neste convenio.

## CAPÍTULO QUINTO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.



Décimo segunda.- Natureza do convenio e discrepancias.

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito as previsións do artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no que proceda, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décima do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo terceira.- Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo cuarta.- Publicidade.

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

P.D.S. (Orde do 26.11.2020)

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias

Alberto Varela Paz

#### ANEXO I

#### CONDICIÓN DE FUNCIONAMENTO DA ENCOMENDA DE XESTIÓN DOS CONCELLOS ADHERIDOS Á XUNTA DE GALICIA.

No presente anexo se determinan as condicións nas que se producirá a encomenda de xestión á Xunta de Galicia por parte dos concellos que se adhiran ao convenio, para a realización de actividades de carácter material ou técnico precisas para a tramitación dos procedementos sancionadores por incumprimento das obrigas establecidas en materia de saúde pública nos que, conforme á normativa aplicable, a competencia corresponde aos concellos.

Os concellos terán a súa disposición a normativa precisa para a tipificación das infraccións, descrición das sancións e a súa gradación.

A encomenda ten por obxecto a prestación de auxilio técnico aos concellos na preparación dos distintos trámites, redacción de documentos, así como a realización das notificacións, aproveitando os medios propios da Xunta e a experiencia dos funcionarios autonómicos nos expedientes sancionadores da súa competencia.

#### EQUIPOS DE TRABAJO.



Para a realización desta encomenda de xestión a Xunta de Galicia disporá dos seguintes equipos de traballo formados por funcionarios públicos autonómicos:

\* Unidades Tramitadoras Base, que serán as unidades encargadas de realizar o traballo material de xerar os actos de trámite ou definitivos de cada expediente, de facer os asentos na base de datos empregada pola Xunta de Galicia para a tramitación de procedementos sancionadores, facer as remisións e recepción de documentación dos concellos e realizar as notificacións.

\* Unidades Supervisoras que dirixen e supervisan o traballo que realicen as unidades tramitadoras base que lles correspondan, e servindo de apoio para a resolución de aspectos operativos, contacto informático e xurídico.

\* Unidade de Coordinación, á que lle corresponde realizar o seguimento e impulso das tarefas que realizan as unidades anteriores, así como a unificación de trámites e criterios na tramitación dos procedementos.

Para facilitar o traballo, unha vez remitidos os expedientes iniciados, elaborárase unha guía de tramitación sancións covid que se remitirá aos concellos de inmediato e que estará a disposición tanto das distintas unidades tramitadoras como dos propios concellos. Ademais estarán a disposición dos concellos os datos de contacto das unidades tramitadoras, e, os concellos facilitarán os datos de contacto dos instrutores designados. Por outra parte, as unidades supervisoras proporcionarán información e asesoramento aos concellos sobre as dúbidas que lles poidan xurdir.

#### FLUXO DE TRÁMITES.

Coa finalidade de facilitar o funcionamento da presente encomenda de xestión, contéplase o seguinte fluxo de trámites:

1º.- Os concellos remitirán á unidade tramitadora base as denuncias formuladas, así como a identidade do instrutor do procedemento, precisando o seu nome e os seus datos de contacto.

2º.- A unidade tramitadora base da Xunta de Galicia redactará os acordos de incoación co nomeamento de instrutor/a, que se remitirán aos concellos para a súa revisión e para a súa sinatura polos órganos competentes.

Logo de asinados, os acordos de incoación serán remitidos de novo á unidade tramitadora base da Xunta, coas cartas de pagamento que correspondan a cada expediente e os datos necesarios para realizar a correspondente notificación.

3º.- A unidade tramitadora base da Xunta de Galicia realizará as notificacións dos acordos de incoación asinados, cos que se achegarán as cartas de pagamento.

4º.- A unidade tramitadora base comunicará aos concellos as notificacións efectuadas.

5º.- Os concellos comunicarán á unidade tramitadora base da Xunta de Galicia as sancións pagadas e, no caso de que se formulen alegacións ao acordo de incoación, estas serán remitidas á maior brevidade posible á unidade tramitadora base.

6º.- No caso de que non se realice o pagamento e/ou se formulen alegacións pola persoa denunciada, a unidade tramitadora base redactará unha proposta de resolución, que se remitirá ao concello para a súa revisión e, no seu caso, para a súa sinatura polo/a instrutor/a. Logo de asinada a proposta, será remitida á unidade tramitadora da Xunta de Galicia para proceder á súa notificación.

7º.- Os concellos comunicarán á unidade tramitadora as sancións pagadas ou no caso de que se formulen alegacións neste trámite, estas serán remitidas á maior brevidade posible á unidade tramitadora base.

8º.- No caso de que a persoa denunciada non formule alegacións nin xustifique o aboamento da sanción, a proposta de resolución transformarase en resolución. Estes casos serán comunicados polo Concello á correspondente unidade tramitadora base, que converterá a proposta en resolución, que será remitida ao concello para a súa revisión e sinatura polo órgano competente.

Logo de asinada a resolución, será remitida de novo á unidade tramitadora base para proceder á súa notificación.

9º.- Nos casos de pagamento o concello comunicará á unidade tramitadora base que redactará unha resolución que lle porá fin ao procedemento sancionador.

Nos demais supostos, finalizados os distintos trámites, a unidade tramitadora base redactará as resolucións correspondentes que se remitirán aos concellos para a súa sinatura. Logo de

asinada, a resolución será remitida coa correspondente carta de pagamento, de ser o caso, á correspondente unidade tramitadora, para proceder á súa notificación á persoa sancionadora.

10º.- No caso de que a normativa reguladora do procedemento sancionador contemple a realización doutros trámites complementarios dos previstos nos números anteriores, o fluxo de traballo axustarase a un esquema semellante, correspondendo a redacción de documentos ás unidades tramitadoras e a súa revisión e sinatura, de proceder, á autoridade municipal competente ou á persoa instrutora, segundo os casos.

11º.- A unidade tramitadora completará con todas as actuacións realizadas un dossier electrónico de cada procedemento, que será remitido ao concello para o seu arquivo. O tratamento polas unidades tramitadoras de datos persoais por razón destas actuacións limitarase en calquera caso aos datos estritamente necesarios para a finalidade da presente encomenda, polo tempo estritamente necesario para a execución da presente encomenda de xestión.

## ANEXO II PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D./Dña (nome e cargo), en representación da (Entidade Local),

DECLARA: Que o (órgano competente) de (concello) acordou, con data \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2020, solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19 e, en consecuencia, MANIFESTA: A vontade de (concello) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.  
 (Lugar, data e sinatura).

Resultando pois obrigado para o Concello tramitar os expedientes sancionadores sinalados, consonte co informe do Consello Consultivo de Galicia, co fin de non xerar unha sensación de impunidade nos incumpridores e, ao tempo, a frustración dos responsables do control do cumprimento da normativa como ben se sinala no texto do convenio, e ao non dispor o Concello dunha unidade sancionadora especializada na tramitación de expedientes sancionadores, que resultaría necesaria dado o volume de denuncias recibidas sobre todo nestes últimos días procedentes na súa maioría da Consellería de Sanidade, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Solicitar a adhesión ao convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19, e en consecuencia manifestar a vontade deste Concello de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

**2º)** Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

## **4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O IV PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE BRIÓN.**

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 15.12.2020, que transcrita di:



Antecedentes:

1. Os plans de igualdade son un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de terse realizado unha diagnose da realidade desde a perspectiva de xénero, tendentes a alcanzar na totalidade dos ámbitos da organización de que se trate o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo, as cales han de comprender:

a) A fixación de obxectivos concretos de igualdade dentro duns prazos de tempo razoables, especificando os indicadores do cumprimento dos obxectivos e identificando os órganos ou persoas responsables.

b) Un código das boas prácticas necesarias ou convenientes para alcanzar os obxectivos asumidos a través da integración da dimensión de igualdade na organización do traballo e a xestión.

c) O establecemento de sistemas eficaces de control interno e avaliación externa sobre cumprimento dos obxectivos, así como de mecanismos de readaptación deses obxectivos en función dos resultados obtidos.

2. Por resolución da alcaldía do 27.05.2020 contratouse á empresa: EMPRESA DE ESTUDOS SOCIAIS DE GALICIA SLU (EDESGA), con CIF B70070453, o traballo de revisión e avaliación do III Plan de Igualdade do Concello, e redacción do IV Plan de Igualdade do Concello.

3. Realizado o traballo pola empresa, segundo o informe da departamento de servizos sociais do 03.12.2020 resulta un documento que propón obxectivos e accións adaptados ao contexto municipal, as necesidades e problemáticas concretas deste Concello, sendo supervisado e validado pola Concelleira de Política Social, Servizos Sociais, Igualdade e Maiores.

Por todo o anterior propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Aprobar o IV Plan de Igualdade do Concello de Brión confeccionado pola empresa: EMPRESA DE ESTUDOS SOCIAIS DE GALICIA SLU (EDESGA) que consta no expediente, asinado dixitalmente con data 04.12.2020.

**2º)** Publicar o plan aprobado no Portal de Transparencia do Concello para xeral coñecemento.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DO PXOM.**

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 15.12.2020, que transcrita di:

Antecedentes:

Constan no expediente os seguintes documentos:

1) Documento de modificación puntual do PXOM do Brión en soporte papel de novembro de 2020, asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede, con rexistro de entrada no Concello 3066, do 07.12.2020.





2) Documento de modificación puntual do PXOM do Brión en soporte electrónico de novembro de 2020, asinado electrónicamente con data 09.12.2020 polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede, con rexistro de entrada no Concello do 09.12.2020.

3) Informe xurídico – técnico favorable asinado polo asesor xurídico urbanístico do Concello Carlos Abal Lourido e pola arquitecta municipal Mónica Arias Carriba con data do 07.12.2020, complementado mediante informe destes técnicos asinado con data 10.12.2020.

4) Informe de secretaría do 09.12.2020.

Polo Concello tramitouse expediente para a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que ten por obxecto:

Por un lado, preténdese posibilitar a ubicación de dous equipamentos, un público e outro privado, en sendas parcelas ubicadas en solo urbano consolidado, calificados baixo as Ordenanzas UC2 e UC1, respectivamente, e por outro, resolver os problemas de implantación de edificación residencial e outros usos que se plantexa nestas ordenanzas.

Os equipamentos cos que se pretende dotar ó Concello de Brión, inexistentes na actualidade, son os de auditorio (público) e tanatorio (privado). As condicións establecidas nas dúas ordenanzas aplicables plantexan problemas para implantación acaída destes equipamentos pero tamén para as de edificacións de uso residencial e outros usos, polo que se considera procedente a modificación de certos parámetros destas ordenanzas con carácter xeral.

Concretamente, os parámetros das ordenanzas UC1 e UC2 que resulta preciso modificar son os que atinxen á aliñación e ao fondo máximo de edificación, xa que condicionan en exceso a implantación das edificacións, chegando en moitos casos a imposibilitala. Por iso, nesta modificación puntual procédese a modificación destas condicións, adaptándoas as necesidades reais das edificacións tanto para os usos de equipamento que de forma directa se pretenden implantar como, en xeral, para tódolos usos admisibles segundo as devanditas ordenanzas.

Ao mesmo tempo, coa modificación proposta prevese expresamente a implantación do uso de tanatorio na Ordenanza UC1, que non ven recollido na mesma, como tal.

O documento especifica que se tramita a través do procedemento previsto na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Visto o expediente tramitado, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Aprobar inicialmente o documento de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Brión, asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede, asinado electrónicamente con data 09.12.2020.

**2º)** Abrir un período de información pública durante 1 mes, mediante anuncio que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran a modificación puntual a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións ou suxestións que se estimen oportunas. Simultaneamente, solicitaranse os informes sectoriais necesarios e trasladarase a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, quen solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, os cales deberán ser emitidos no prazo dun mes. Logo de transcorrer este, entenderanse emitidos con carácter favorable.

**3º)** Á vista das alegacións presentadas e dos informes recibidos, o concello aprobará provisionalmente, se é o caso, a proposta de modificación e acordará a remisión do expediente completo á consellaría competente en materia de urbanismo, quen emitirá o informe preceptivo e vinculante sobre a modificación proposta no prazo máximo dun mes.



4º) Unha vez emitido o informe, será remitido ao concello para que, de ser o caso, aprobe definitivamente a modificación.

5º) A aprobación inicial da modificación puntual leva consigo a automática suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de obras, en todos os ámbitos afectados polas ordenanzas UC1 e UC2, conforme ao previsto no artigo 47.2 Lei 2/2016, que sinala que "o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de plan urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de plan no caso en que as novas determinacións do mesmo supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente. Para estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión. Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos, a contar desde a devandita aprobación inicial, extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do plan". A suspensión das licenzas debe entenderse sen prexuízo da posibilidade de concesión de licenzas para proxectos que cumpran as determinacións tanto da ordenación vixente como da nova que se aproba inicialmente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

#### **6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DO INTERIOR, A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL DE INSTITUCIÓN PENITENCIARIAS, E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O CUMPRIMENTO DE PENAS DE TRABALLO EN BENEFICIO DA COMUNIDADE.**

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 15.12.2020, que transcrita di:

Á vista do informe emitido pola traballadora social María Victoria Varela Rodríguez en data 09.12.2020, no que se pon de manifesto a necesidade de contar cun convenio de colaboración co Ministerio do Interior co fin de facilitar postos para o cumprimento de penas de traballo en beneficio da comunidade, para os veciños do Concello de Brión, segundo modelo de convenio do ministerio que consta no expediente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio do Interior, a través da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, para o efectivo cumprimento das penas de traballo en beneficio da comunidade (CPTBC), mediante a prestación polos penados de determinadas actividades de utilidade pública, no ámbito competencial do Concello de Brión, segundo o modelo de convenio que figura no expediente.

2º) Encargar o seguemento e control do programa de CPTBC á persoa coordinadora dos servizos sociais municipais, a traballadora social M<sup>a</sup> Victoria Varela Rodríguez.

3º) Ofertar para o CPTBC, 2 prazas, nas brigadas municipais de obras, para realizar labores de apoio e mantemento, exclusivamente para penados que sexan veciños do Concello de Brión.

4º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:



Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

### 7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 03/2020.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 15.12.2020, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministros e servizos prestados en anos anteriores ao 2020, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada nos meses de marzo, setembro e novembro de 2020.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 10 de decembro de 2020, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de NOVECIENTOS CORENTA EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (940,34 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

### RELACIÓN F/2020/66

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Desconto	Importe líquido	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2020/884	25/03/2020	135,97	0	135,97	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº RE18137000079738; RECTIFICACION SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TOURIS 9700 ALPUBL - PERIODO 07.11.2017 A 30.11.2017	2020 165 22100
F/2020/885	25/03/2020	46,91	0	46,91	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE18137022861435; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ARDIONS 9700 ALPUBL - PERIODO 01.10.2018 A 31.10.2018	2020 165 22100
F/2020/2612	21/09/2020	331,62	40,22	291,40	02512317G	LÓPEZ MOLEDO FRANCISCO	FRA Nº L1/193359; GASTOS NOTARIO INSTRUMENTO 3359.19	2020 920 22604
F/2020/3274	23/11/2020	323,41	0	323,41	F70509096	COOPERATIVAS LACTEAS UNIDAS CLUN S.C.G.	FRA Nº FVCR010951; SUBMINISTRO GASOLINA - ABRIL 2019	2020 920 22103
F/2020/3289	25/11/2020	102,43	0	102,43	F70509096	COOPERATIVAS LACTEAS UNIDAS CLUN S.C.G.	FRA Nº FVCR032918; SUBMINISTRO GASOLINA - ABRIL 2018	2020 920 22103
<b>TOTAL</b>		<b>940,34</b>	<b>40,22</b>	<b>900,12</b>				



**Segundo.-** Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

### **8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2020.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 3º trimestre de 2020, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

### **9º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2020.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 3º trimestre de 2020, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

### **10º) MOCIÓNS.**

Aprobouse por unanimidade dos once membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

#### **10.1. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2019.**

Dada conta da moción da alcaldía que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do Concello de 2019, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 5 de novembro de 2020, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm. 190, do 10 de novembro de 2020 e no taboleiro de edictos do Concello e non presentándose durante dito prazo e os oito días hábiles seguintes ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de secretaría que consta no expediente, e resultando que con data 14.12.2020 rematou o prazo de exposición pública, e considerando que este ano con data 8 de xaneiro de 2021 remata o prazo para a súa aprobación, no seu caso, polo Pleno, e non está previsto en principio a celebración de ningún Pleno con anterioridade a esa data, e o expediente está completo, propónse a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Aprobar a conta xeral do orzamento do Concello de 2019.

**2º)** Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, render a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na resolución do Consello de Contas de Galicia do 1 de xuño de 2016, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 14.06.2016), modificada por resolución do 10 de marzo de 2020, pola que



se ordena a publicación do acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia, do 6 de marzo de 2020, polo que se modifica o disposto no acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 18.03.2020), debendo remitirse a mesma por intervención.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

## **10.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A POSTA EN VALOR E PROMOCIÓN DO COMERCIO LOCAL EN BRIÓN.**

O Sr. Concelleiro Penas Corral da lectura á moción sinalada, que transcrita di:

Por todos e todas é sabido a situación precaria que está a soportar a actividade económica e en consecuencia empresarios/as e traballadores/as que teñen neste sector o seu medio de subsistencia económico. Unha situación que en moitos casos xa era complicada dende a crise do 2008 e o modelo produtivo liberal polo que se apostou dende os diferentes gobernos, potenciando as grandes superficies, e que se veu afectada de xeito case definitivo pola pandemia obrigando a moitos deles a un peche intermitente dependendo da situación sanitaria e mesmo en algúns casos a un peche definitivo con todas as consecuencias que iso supón.

Entendemos dende o BNG que é obriga das administracións colaborar, promover e poñer en valor todo o que supón o comercio local para as diversas actividades e sectores relacionados co mesmo; económico, laboral, turístico, loxístico e mesmo cultural. Esta colaboración non se debe concretar tan só en cheques axuda ou en subvencións que poden moitas veces axudar a subsistir pero non aportar solucións máis aló dun ou dous meses. Calquera proposta ten que pasar por unha protección ao mediano e pequeno comercio, por frear as liberalizacións horarias e por unha redución das constantes campañas de rebaixas que penalizan, unha vez máis, ao comercio de proximidade. Iso engadido a reformas legais e fiscais que obviamente terán que ser as administracións reguladoras as que lle dean forma legal sempre promovendo que a maior fiscalidade a soporten as grandes superficies e reverta dunha ou outra forma no comercio local.

Vemos xa, no noso concello, como até agora non houbo unha aposta clara e definida polo comercio local, máis aló das promocións a nivel individual dalgún comercio dende páxinas institucionais do concello, cousa que só criticamos se non se fai co resto de comercios, pois iso suporía unha desvantaxe competitiva. Botamos de menos, e moito máis neste ano, unha campaña planificada e orientada a promover e potenciar un comercio en Brión que nos últimos anos está a desaparecer. Unha promoción a través dos propietarios dos numerosos locais baleiros que temos no concello, mesmo en áreas comerciais, unha mellora da fiscalidade, unha campaña a través dos impostos que nós xestionamos, etc ... finalmente Brión estase a converter nun concello que traballa en Compostela e merca en Bertamiráns. Por todo iso solicitamos o seguinte acordo:

1º) Creación dunha plataforma dixital de apoio comercial xestionada dende o Concello como impulso comercial para todo o tecido comercial con sede en Brión. Esta plataforma non tería que ser exclusivamente co obxectivo da pandemia senón como eixo principal para futuras campañas.

2º) Creación dunha campaña urxente de comunicación e publicidade como apoio ao comercio de proximidade. A campaña debería ser urxente pola proximidade das datas festivas e que durase no tempo.



3º) Estudar sinerxías de colaboración entre o tecido económico de todo o concello e o comercio e restauración local mediante bonos descontos, ou semellantes.

4º) Emisión de bonos para uso no comercio local (só para o pequeno comercio) para os/as residentes en Brión.

5º) Potenciar o uso do coworking da Deputación como elemento potenciador da nosa economía, dando prioridade a produción de proximidade con criterios ecoloxistas e sostibles.

6º) Estudo da posibilidade de vantaxes fiscais a aquelas actividades comerciais de nova creación e situación en Brión mediante compensacións ou descontos de inicio de actividade.

Debate:

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que somos conscientes de que a situación económica actual é complicada para todos e todas; temos en marcha o PEL que se fai en colaboración coa Deputación, cousa que agradecemos, xa que senón estas axudas serían inasumibles para o Concello e nos próximos días farase a comunicación ás persoas que o solicitaron das axudas que lles corresponden.

Ademais, estase estudando a maneira de poder eximir ás empresas do Concello do pago dos recibos municipais, incluídas as vantaxes de tipo fiscal, pero isto é algo que temos que facer en colaboración coa Xunta, xa que nós como concello non podemos tomar este tipo de decisións de xeito unilateral. Estamos á espera de que dende a Xunta nos envíen a información de como proceder e ata onde podemos chegar. Por outra banda, estase a traballar dende fai xa uns meses nunha nova web municipal, na que se creará un apartado para promocionar e dar visibilidade ás empresas e comercios do noso concello. Neste apartado promocionaranse todos aqueles negocios que queiran participar; xa se lles enviou unha comunicación a todos aqueles inscritos no rexistro municipal de empresas, e xa se recepcionaron as solicitudes de participación dos interesados; tamén se está preparando un spot de nadal de promoción do Concello que estará centrado no comercio local.

En canto á emisión de bonos desconto e iniciativas deste tipo para uso no comercio local, é algo que xa valoramos e que temos que falar cos implicados para ver se estarían de acordo.

No referente ao coworking, neste ano impartíronse un total de 21 cursos, ademais de xornadas, visitas formativas. Tamén se realizaron máis de 80 xornadas de acompañamento ás instalacións con persoas interesadas no seu uso. Nestes meses tamén se interesaron polas instalacións diferentes concellos, agrupacións de produtores e colectivos diversos aos que se lles ensinaron as instalacións e se lles explicou o seu funcionamento. Ademais, téñense feitas e preparadas para etiquetar e vender un total de 37 elaboracións, das cales a maior parte xa están analizadas polo laboratorio e dispoñen do informe de alérxenos, valor nutricional e vida útil, e están na fase de deseño do etiquetado; a previsión é que neste mes de decembro xa poidan comezar a venderse.

Actualmente, a asociación rexistrada conta con 58 persoas asociadas, entre as que hai socias elaboradoras (42), socias colaboradoras (15) e unha cooperativa. De cara ao futuro, estase preparando un servizo de cátering, co apoio do concello. Tamén se está traballando na idea de crear un circuíto de feiras labregas de carácter semanal, e estase pendente do tema do matadoiro móbil, algo que a xente demanda. Por último, indicar que a difusión e divulgación do proxecto sempre está presente. Neste ano, ademais de nos medios de comunicación do concello, este proxecto tamén se publicitou na TVG, prensa e radio, e remata sinalando que toda esta información pode pasárvola en formato memoria anual, para que comprobades que o espazo do coworking de Brión está sendo un ente principal na potenciación da economía de Brión, sempre respectando a produción de proximidade, ecolóxica e sostible.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que entendo que a maioría das cousas vanse facer.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:



Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (1).  
Votos en contra: 0.  
Abstencións: 0.  
Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

## **11º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **11.1. Rogos e preguntas do grupo municipal do BNG presentadas por escrito:**

**1.** Estanos a chegar vanas queixas sobre o estado das "maquesinas" dos autobuses, tanto na zona de abaixo como sobre todo nas aldeas. Sabemos que parte delas corresponde o seu mantemento á Xunta de Galicia (como tantas outras cousas que non fai) pero entendemos que aquelas xestionadas polo concello deberían ser revisadas e postas en correcto estado, no resto que se faga a reclamación á administración correspondente.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que ata onde sabemos se atopan en bastante bo estado, intentamos amañalas en función do seu estado e vanse poñer dúas novas, non obstante faremos unha revisión para ver como están, e nós reparamos aquelas que son nosas e que están deterioradas e saibamos que están deterioradas.  
O Sr. Alcalde sinala que se sabedes dalgunha podedes comunicalo.

**2.** Sobre a lei de memoria histórica. Estes días estamos de parabéns todos e todas as demócratas deste país pola recente recuperación (a espera da sentenza definitiva) do Pazo de Meirás. Agardando sexa o primeiro de moitos máis patrimonios recuperados do fascismo para o uso da memoria democrática. Pensamos, tal e como comentamos neste pleno moitas outras veces con anterioridade, que é o momento despois de 40 anos de facer un estudo e análise de todos os elementos que están a incumplir a lei e a dignidade e proceder á retirada inmediata. Falamos de placas en rúas, igrexas ou fontes. Temos unha relación que podemos poñer a dispor e colaboración do concello. Entendemos que aqueles que están integrados en elementos eclesiásticos debese proceder á reclamación á organización que correspondan. Todos estamos suxeitos a esta lei.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que as que dependen do Concello foron retiradas, as que nós coñecemos.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nos Ánxeles hai unha placa de Avenida de Calvo Sotelo.

O Sr. Alcalde sinala que miraremos como está iso, e que as da igrexa son competencia da igrexa, e xa llo pedimos varias veces, deben cumprir a lei, e podemos pedirlo outra vez.

Neste intre auséntase do salón de plenos a Sr<sup>a</sup>. Concelleira Fariña García.

**3.** Xa fai dous meses do último pleno e xa fai anos da solicitude, e como por constancia non debe quedar, gustaríanos saber cal é a situación da creación do Consello Escolar Municipal comprometido no último pleno desta corporación. Dende as entidades confírmannos que ninguén contactou con elas para axilizar ningún proceso. Sería boa noticia non ter que volver a preguntar no pleno de febreiro.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que estamos niso, vaise facer, a miña pretensión é que vaia aos consellos escolares do mes de xaneiro e intentaremos que se poida aprobar despois.

**4.** No último pleno do mes de novembro da Deputación da Coruña vense de aprobar o POS+2021 para os concellos da provincia. Deste plan resulta que Brión vai levar 525.171 no POS tradicional máis 139.555 no POS Social (engadido este ano como consecuencia da situación social da pandemia), iso fai un total de 664.726 (son 195.411 euros máis que o ano anterior). Sabemos que a xestión do mesmo corresponde ao goberno municipal aínda que a aprobación corresponde ao pleno da corporación. Cal é a previsión de gasto/inversión desta achega. Vaise investir en gasto corrente, en inversións financeiramente sostibles, etc .... cal é a intención desta "nova" corporación. Entendemos que no nome da transparencia e colaboración institucional estaría poder facer achegas ou cando menos ter información con maior anticipación de como a tivemos ata agora.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que o POS social será para necesidades motivadas pola pandemia, en temas educativos e gasto social que se considere, epis, etc.

Respecto do POS moito vai ir a gasto corrente, por exemplo a pagar alumeado público que leva moito, e o resto a obras que se están a estudar.

O Sr. Alcalde sinala que podemos escoitar as vosas propostas, se ben se fará o que se considere máis urxente e se vos fará chegar o antes posible antes do Pleno.

**5.** Estamos no mes de decembro, e entendemos que a corporación xa está a traballar no orzamento do 2021. Como é sabido, ano tras ano temos a mesma "discusión" sobre os días que contamos a oposición para poder dispoñer a infamación e documentación do mesmo. Información que por outra parte é complexa e importante en canto a número de documentos a revisar. Cada ano traemos este mesmo rogo, e se ben hai que recoñecer que o último ano contamos con algún día máis de estudo, solicitamos que a información se nos achegue á oposición co máximo de días sexan posibles par parte dos servizos correspondentes. Xa non falamos de orzamentos participativos, pois iso sería ciencia ficción en Brión, pero polo menos ter tempo de valoración como traballo indispensable e obrigatorio por parte da oposición.

O Sr. Alcalde sinala que intentaremos que vos chegue o antes posible para que poidades estudalo, este ano vai retrasado por todo o tema da pandemia, e en canto o teñamos confeccionado intentaremos que poidades dispor de tempo; é un documento público e non temos ningún interese en que se non se vexa.

#### **11.2. Rogos e preguntas do grupo municipal do PP presentadas por escrito:**

**1.-** Ao longo deste ano 2020 a asistencia social no noso concello foi en aumento debido en gran parte á situación socio económica derivada da pandemia da covid-19. Existen actualmente en Brión ademais da asistencia social pública, dúas organizacións privadas de cáritas diocesana. Unha nos Ánxeles e outra en Bastavales, que albergan e dan axuda por momentos a unhas 40 a 50 familias, ademais de axuda a varias persoas xubiladas que viven soas. Tras varias reunións con estas entidades ao longo deste ano, as cales obviamente gardan os datos persoais de ditas familias nos seus arquivos privados (dos cales non posuímos información pola lei de protección de datos). As persoas que reciben esta asistencia son todas veciños/as deste concello (principalmente das parroquias de Bastavales, Os Ánxeles e a Luaña) persoas que pasan desapercibidas os nosos ollos pero que o están pasando mal nestes momentos.

O grupo municipal do PP de Brión desexaría que se valorasen as seguintes cuestións e preguntas.

- . Que cifra actual manexa a asistencia social do concello e se nestas cifras están incluídas estas familias?

- . Dado que a varias destas familias estanlle solventando estas entidades pagos de recibos de auga e luz e incluso pagos salteados de aluguer de vivenda. Estaría a asistencia social do concello preparada para asistir en manutención e economicamente estas familias no caso de que estas entidades cheguen a cesar a súa actividade?

- . Cabería a posibilidade de axudar dalgún xeito e dar apoio a estas entidades dende o órgano municipal para que sigan coa súa labor e que os servizos municipais non se vexan desbordados? cheques ou axuda de campaña de produtos...etc.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que hai 700 expedientes de familias abertos e que dentro deles hai algúns de cáritas; outros están directamente derivados desde servizos sociais a cáritas por ser máis axeitado o recurso nalgúns casos, ambas complementanse e se colabora desde hai moitos anos, os que acoden a cáritas son os que non poden acceder a recursos que ofrece o administración por diversas razóns.

Respecto de si poderíamos asumilo, si o poderíamos facer, porque desde servizos sociais se participa en moitas campañas, así por exemplo, tarxeta moedeiro, banco de alimentos etc; engade que iso o din as técnicas de servizos sociais, nós non podemos coñecer todo, e se sabedes dalgún caso podeades dicirlllo a servizos sociais para que vexan o que se pode facer.





O Sr. Concelleiro Carballo García sinala que nos gustaría que en Brión ningunha persoa quede atrás.

O Sr. Alcalde sinala que se coñecedes algún caso o podeades comunicar para ser atendido.

**2.-** O vindeiro día 5 de xaneiro celebraríase en Brión a tradicional cabalgata de reis como en calquera outro de tantos concellos. Sabemos que este ano polas circunstancias da pandemia non pode transcorrer como de costume no ambiente de festa e xente, que a todos nos gustaría. Dende o grupo municipal popular gustaríanos que respectando a seguridade e a saúde, ante todo, a aparición dos reis no noso concello se puidese facer efectiva. Queremos preguntarlle ó goberno local se estudou opcións alternativas á cabalgata ou que método se vai a usar para que as súas maxestades poidan por un momento facer realidade os soños dos cativos e cativas do noso concello, xa que cremos que eles merecen que a maxia dese día se lles faga realidade se a situación sanitaria o permite.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que estamos totalmente de acordo con vós, os nenos van ver que veñen os reis, estamos estudando iso desde hai meses, van ir por todas as parroquias facendo paradas, non vai existir contacto, pero si irán, sairase da carballeira e irán nun autobús clásico comezando en Cornanda e logo cara abaixo, se ben vai haber o mínimo contacto, gardando as medidas de precaución, é moi complexo xestionar este tipo de cousas, farase e así está pensado a data de hoxe.

O Sr. Alcalde sinala que sempre fomos un referente no tema dos reis en Brión e si se pode imos seguir facéndoo.

**3.-** En virtude da "Resolución do 16 de setembro de 2020 pola que se fai pública a relación das axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MR701E)", publicada no DOG núm. 194 Xoves, 24 de setembro de 2020, estas son as axudas concedidas ao Concello de Brión:

Concello: Brión. Importe da axuda: 40.063,91 euros. Axuda 2020: 20.031,95. Axuda 2021: 20.031,96.

Solicítase que se indique cal é o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas que se realizou este ano 2020 e a previsión para o ano 2021.

Dende este grupo municipal queremos indicar a existencia dos seguintes camiños de acceso a parcelas agrícolas que teñen necesidade de arranxo por se se considera dende o Concello que se arranxen dentro do marco deste plan:

- 1.- Fotografías 1 e 2, dous camiños que dan acceso a fincas agrícolas en Ons de Abaixo, moi transitadas tanto a pe como con maquinaria agrícola.
- 2.- Fotografías 3,4 e 5, dous camiños en Viceso, un deles en Esparís que da acceso a fincas agrícolas e a outra na zona de Rañalonga en Mourentáns.
- 3.- Fotografía 5 e 6, un camiño na zona de Tembra en Boullón , abaixo da hípica.
- 4.- Fotografía 7 e 8, un camiño na zona de Brión de Abaixo a Gronzo.

Sinala o Sr. Alcalde que se fixeron dúas actuacións, unha en Outeiro - Rial e outra en Brión de Abaixo, e teremos en conta o que pedides e cando se fagan novas actuacións podemos ver eses que piden, poden verse.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace  
Pablo Lago Sanmartín

O secretario  
Javier Nieves González